



Tertulias literarias

BIBLIOTECA DE SANTA CRUZ abril – xuño 2019

Obra poética de Antonio Machado (antoloxías)



A poesía de Antonio Machado lévanos do Modernismo intimista dos seus primeiros libros, que culmina en "Soledades, galerías y otros poemas", ao espírito da xeración do 98, reflectido en "Campos de Castilla". Poeta sempre de intensa fondura humana, Antonio Machado chega con emoción ao corazón de quen se achega aos seus versos.

Entrega: 8 abril

Comentario: 29 abril

El legado de la pérdida, de Kiran Desai



Un vello xuíz indio educado en Cambridge pasa os seus últimos anos retirado do mundo, recluído en compañía da súa neta Sai e dun afable e locuaz cociñeiro. O agravamento dos disturbios indo-nepalíes e o conflictivo romance de Sai cun profesor mozo poñen a proba a centenaria xerarquía social e o precario equilibrio da casa.

Entrega: 29 abril

Comentario: 13 maio

A esmorga, de Eduardo Blanco Amor




"A esmorga" é a obra máis popular e lida de Eduardo Blanco Amor. Tivo que publicarse por vez primeira en Bos Aires ante a negativa da censura franquista a permitir que circulasen libremente as traxicómicas peripecias do *Cibrán*, o *Bocas* e o *Milhomes* nunha noite de bebedela polos arredores de Auria, a cidade literaria coa que Blanco Amor reelaborou desde a distancia o seu Ourense natal.

Entrega: 13 maio

Comentario: 27 maio

Día das Letras Galegas

Por favor, cuida de mamá, de Kyung-sook Shin



Unha muller perdeuse na Estación Central de Seúl cando ía visitar aos seus fillos á cidade. Un instante de distracción do seu home e a gran aglomeración alí reunida foron suficientes para que a parella se separara e fora incapaz de atoparse de novo. A partir dese intre, a procura desesperada por parte dos seus fillos convértese tamén nunha indagación nos recordos familiares.

Entrega: 27 maio

Comentario: 10 xuño

REMATE DA TEMPADA